

Datos estadísticos básicos de Galicia. 2006

COMUNICADO

CONTINÚA O ENVELLECIMENTO DA POBOACIÓN

Como amosan os indicadores demográficos, a poboación galega continúa coa súa tendencia ao envellecemento, cunha idade media da poboación que pasou de 36,0 anos en 1981 a 43,9 anos en 2005.

De feito, a “Enquisa de Condicións de Vida das Familias” indica que o 44% dos fogares galegos contaba, en 2004, con polo menos unha persoa maior de 64 anos e o 25% contaba con nenos menores de 16 anos; estas porcentaxes implican que por cada 4 fogares con nenos menores de 16 anos, hai 7 con persoas maiores de 64.

A esperanza de vida ao nacer, con valores de 77,2 anos en homes e 84,6 anos en mulleres, sitúa a Galicia nos primeiros postos a nivel europeo.

O envellecemento da poboación trouxo como consecuencia un crecemento vexetativo negativo de 7.919 habitantes en 2004. A chegada de poboación procedente do estranxeiro, cun saldo positivo de 16.929 persoas, permitiu que a poboación galega medrara un 0,41% no ano 2005 con respecto ao 2004 para situarse en 2.762.198 habitantes.

De tódolos xeitos, mantense unha clara diferenza entre as provincias de Pontevedra e A Coruña, cun crecemento demográfico sostido, fronte ás de Lugo e Ourense que manteñen unha tendencia a perder poboación.

A taxa de paro en Galicia situouse no 9,9% en 2005


Segundo a “Encuesta de Población Activa” (EPA), a taxa de actividade en Galicia foi do 53% en 2005, aínda lonxe do 70% que se marcou como obxectivo para o ano 2010 na estratexia de Lisboa do ano 2000. Malia ao crecente acceso da muller ao mercado laboral, segue a existir unha gran brecha entre a taxa de actividade de homes (62,6%) e de mulleres (44,3%). A EPA indica que en 2005 había 125.000 parados en Galicia, o que supón unha taxa de paro do 9,9%.

En 2005, a media de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral en Galicia foi de 997.744 persoas, o que supón un crecemento neto de máis de 27.400 persoas (un 2,8%) respecto ao ano 2004.

A inflación de Galicia en 2005 (3,7%) superou a media europea en 1,6 puntos

En decembro de 2005, a inflación interanual (IPC) situouse no 3,7% tanto en Galicia como en España. Trátase dun valor un 1,6 puntos por enriba do índice harmonizado da Unión Europea (2,1%) o que supón unha perda de competitividade e de poder de compra de Galicia respecto da Unión.

Variación interanual do Índice de prezos de consumo (%)



Fonte: INE. Índice de prezos de consumo. Extraído de <http://www.ine.es>

Variación interanual do índice de prezos de consumo harmonizado Ano 2005 (%)

	España	Unión Europea
xan.	3,1	2,0
feb.	3,3	2,1
mz.	3,4	2,1
ab.	3,5	2,1
maio	3,0	1,9
xuño	3,2	2,0
xll.	3,3	2,1
ag.	3,3	2,2
set.	3,8	2,5
out.	3,5	2,4
nov.	3,4	2,2
dec.	3,7	2,1

Fonte: INE. Índice de prezos de consumo armonizado EU. Extraído de <http://www.ine.es>

A “Encuesta continua de presupostos familiares” indica que, no último trimestre do ano 2005, os galegos dedicaron case un de cada catro euros do seu gasto (o 23,6%) á compra de alimentos, bebidas e tabaco. Segundo a actividade “Consumo das familias”, no ano 2004, o 17,8% dos fogares galegos tiñan gasto en hipoteca, dedicando á mesma unha media do 15,8% dos seus ingresos (332 euros mensuais)

O endebedamento das familias supera o seu aforro

No ano 2004 prodúcese por primeira vez en Galicia unha situación de aforro negativo posto que os créditos superaron aos depósitos en 772 millóns de euros. Nos tres primeiros trimestres do ano 2005, a situación agrávase cun exceso de créditos sobre os depósitos de máis de 6.000 millóns de euros. Sen embargo, existen grandes diferenzas xeográficas pois Lugo e Ourense manteñen un aforro positivo fronte a Coruña e Pontevedra onde o aforro é negativo.

A economía galega medrou un 3,3% en 2005

O PIB galego en termos reais medrou un 3,3% no ano 2005 respecto ao ano 2004 (Base 2000 revisada). O PIB per cápita de Galicia era de 17.323 € no ano 2005. En canto á converxencia con Europa, o PIB per cápita de Galicia en PPS situábase en 2002 no 74,7% da media europea.

Descende un 13,25% o número de accidentes con vítimas

No ano 2005, matriculáronse en Galicia 80.868 turismos, cifra non moi diferente da rexistrada no ano 2004. En canto ao número de accidentes con vítimas (mortais e non mortais), o seu número descendeu un 13,25% en 2004 respecto a 2003.

No ano 2004 investíronse na rede de estradas galegas 466,5 millóns de euros, case un 25% máis que o ano anterior.

O Estado recada en Galicia 4.571 millóns de euros

No ano 2004, o Estado recadou en Galicia 4.571 millóns de euros, principalmente a través do IRPF (que supuxo o 40% dos ingresos tributarios) e o IVE (o 34%). Esta recadación supón un aumento do 2,13% respecto do ano 2003.

Os orzamentos da administración xeral da Xunta para o ano 2006 ascenden a 9.621 millóns de euros, un 9% máis que os orzamentos de 2005. Os orzamentos dos organismos autónomos para 2006 ascenden a un total de 3.400 millóns de euros, o 90% dos cales son absorbidos polo Servizo Galego de Saúde (Sergas).

O custo dos medicamentos financiados polo Sergas foi de 266,01€ por cidadán en 2004

No ano 2004, os gastos do Sergas ascenderon a 2.686 millóns de euros, un 10% máis que o ano anterior. O gasto medio anual en medicamentos foi de 266,01€ por cidadán, sendo de 689,35€ para os pensionistas e de 75,67€ para os activos.

O 60% da superficie de Galicia é superficie forestal

A superficie forestal ocupaba en 2003 case o 60% do territorio de Galicia. No ano 2003, cortáronse en Galicia un total de 2,57 millóns de m³ sen cortiza de coníferas e 2,56 millóns de m³ sen cortiza de frondosas, o que supón un incremento do 25% respecto ao 2002.

A principal produto do subsector agrícola no ano 2002 foi o viño e as uvas, cunha achega do 28% á produción, e do subsector gandeiro, o leite, cunha achega do 47% á produción do subsector.

Segundo os datos da Consellería de Medio Rural do ano 2003, as explotacións de bovino agrupaban un total de 67.628 cabezas, concentrando as provincias da Coruña e Lugo máis do 70% das mesmas.

Nas lonxas galegas, vendéronse no ano 2005 158.625 toneladas de produtos pesqueiros por un valor de 403 millóns de euros, un 14,2% menos que en 2004. Pola súa banda, na acuicultura producíronse, no ano 2003, 254.900 toneladas, cun valor de 177 millóns de euros. O rexistro de buques indicaba que a flota galega estaba formada, en marzo de 2006, por un total de 5.383 barcos que sumaban 122.486 toneladas de rexistro bruto. Estas cifras supoñen un descenso de preto de 200 barcos respecto ao 2005, aínda que a capacidade total medida en TRB aumentou lixeiramente.

A ocupación media nos hoteis duplica a das casas de turismo rural

Galicia contaba no ano 2005 con 1.946 establecementos que ofertaban un total de 57.163 prazas en establecementos hoteleiros e 5.337 en casas de turismo rural. Se ben a estadia media nos dous tipos de establecementos é de pouco máis de dous días, a ocupación media é moi diferente, un 35,8% nos hoteis e un 17,0% nas casas rurais. O número total de viaxeiros no ano 2005 foi de 3.680.063 que efectuaron 7.903.387 pernoitas.

Case 5.000 vítimas de violencia dentro do ámbito familiar en Galicia

No ano 2004, houbo en Galicia 3.564 mulleres e 1.312 homes vítimas de violencia no ámbito familiar. En canto ás mulleres, na maior parte dos casos o maltratador foi o cónxuxe (69% dos casos) mentres que no caso dos homes, o maltratador adoitaba ser outro membro da familia (64% dos casos).

Forte expansión do comercio exterior galego

Como vén sendo habitual, no ano 2005 as importacións e introducións (13.592 millóns de euros) superaron ás exportacións e expedicións (12.101 millóns de euros), cunha taxa de cobertura do 89%. Destaca o elevado crecemento das mercadorías procedentes do estranxeiro (un 23,5% respecto ao 2004) aínda que os produtos galegos vendidos fóra de España tamén medraron, pero nunha porcentaxe bastante inferior (un 15,0%).

Unha de cada catro vivendas galegas dispón de conexión a Internet

A porcentaxe de vivendas que dispoñían de ordenador en Galicia aumentou máis de oito puntos entre o ano 2004 e o segundo semestre de 2005 para situarse no 46,2%. No segundo semestre de 2005, a conexión a Internet estaba dispoñible no 25,4% das vivendas, a cal era de banda ancha en 2 de cada 3 casos.

Para máis información:

Datos estatísticos básicos de Galicia. 2006
<http://www.ige.xunta.es>

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es